

China: modelos de desenvolvemento económico

Julio A. Díaz Vázquez

Introdución

Ao tentar unha recapitulación dos modelos de desenvolvemento económico aplicados desde a fundación da Nova China, por convención, poden encadrarse en dous grandes períodos. Nos inicios da primeira etapa, tiveron por base, no fundamental, os patróns do *modelo económico soviético*; e, posteriormente, foron estruturados baixo o influxo das políticas económicas impulsadas por Mao Zedong entre 1958-1976. A segunda fase transcorre desde 1979-2006 inspirada nos novos rumbos marcados polas *catro modernizacións* (agricultura-industria-ciencia-tecnoloxía-defensa), adoptadas a raíz da *reforma e abertura* económica encabezada por Deng Xiaoping.

O 1 de outubro de 1949 constituíuse a República Popular China (RPCh). Ao presentar a integración do Goberno na Praza de Tiananmen, o tempo confirmou a profética expresión de Mao: *a nación non será máis un país humillado. Puxémonos de pé*. No entanto, o Estado acabado de nacer herdou un país en ruínas, cun atraso económico de milenios, con presenza de tipos de economías feudais, semif feudais, semicolonias e manifestacións de relacións capitalistas pouco desenvolvidas. Igualmente, a nación atopábase arrasada polas secuelas das loitas internas e doce anos de guerra, sumida nunha profunda crise económica, practicamente sen vías de comunicación, unha hiperinflación en aumento, así como unha enorme masa de desempregados.

Por outra banda, non pode ignorarse que desde o segundo terzo do século XIX, na práctica, as compañías estranxeiras neocolonizaran o país, con predominio no comercio, os ferrocarrís, as liñas de navegación, así como nos investimentos na industria. China non desenvolveu unha burguesía autónoma xurdida por evolución natural, senón como intermediaria, compradora e dependente estreitamente do mercado internacional⁽¹⁾. Os seus representantes non chegaron a vertebrar unha clase autóctona, capaz de ditar os seus intereses aos demais grupos sociais. Tivo que apoiarse nas forzas máis reaccionarias e someterse ao imperialismo para usufrutuar parte da plusvalía e buscar aliados contra a revolución agraria e nacional.

Para iniciar as tarefas que exixían a reconstrución do país e enfrontar as grandes transformacións que urxían en todos os ámbitos da vida económico-político-social, a base de partida técnico-material era extremadamente feble. A nación,

(1) O feudalismo na China, aínda que coexistiu con relacións de mercado desenvolvidas, non xerou unha burguesía doméstica como en Europa, clase que terminou desprazando do poder á nobreza. Trátase dunha especificidade pouco estudada -escapa aos límites do traballo- e que acouta o sinalado por Lenin: o mercado procrea cada día, cada hora, cada minuto capitalismo.